

BANDO

O alcalde do Concello de Ponteceso
Xosé Lois García Carballido
Dispoño

Que tras recibir información sanitaria actualizada por parte da Xerencia da Área Sanitaria de A Coruña Cee:

1º A pesar do número de contaxios activos, 18 , non recomentan limitacións especiais alén das da nova normalidade dictadas pola Xunta para toda Galicia. Aseguran que son casos detectados e confinados.

2º Esta situación é compatible cunha mellora a nivel de Galicia, coincidente coa fin da tempada alta turística, que atraiu a numerosos visitantes de fora de Galicia. Sen baixar a garda en ningún momento, reanúdanse os mercados de rúa restrinxidos a **produtos alimentarios, esenciais e de da horta.**

3º Queda restrinxido o aparcamento das 07am ás 3pm en Río da Roda e praza do Pan de Corme, os venres. Os sábados, no campo da Feira e rúa paralela, da rotonda do cesto ata o cruce coa rúa Vereda. Son obrigatorias as medidas de distancia mínima entre postos, uso de hidroalcol e demais medidas hixiénico-sanitarias para os mercados de rúa.

4º A área sanitaria vai facer un cribado preventivo en persoal de taxi, servizo de axuda no fogar e instalacións deportivas. Estas irán abrindo paulatinamente a partir da semana do 7 de setembro para aqueles deportes que non son de contacto entre participantes, e con todas as medidas de precaución. O Concello vai prestar moita atención á desinfección diaria dos parques, que estarán provistos de xel alcólico, incluso dos parques da Escola Infantil, e dos colexios de primaria e escolas unitarias.

5º A vía de contaxio máis perigosa son as reunións familiares, de amigos, e festas privadas. Moito coidado e precaución con estas actividades. O Goberno local vai estar moi vixiante cos incumprimentos. Hai moitas vidas en xogo, tamén os negocios, que se poden ver moi afectados, actuemos con responsabilidade.

PROTÉXETE E PROTÉXENOS DO COVID-19. SEMPRE CON MASCARILLA

Ponteceso, 2 de setembro de 2020

O alcalde

